



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE
E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O
ASESORAMENTO CIENTÍFICO – TÉCNICO NA ADAPTACIÓN,
INTERVENCIÓN E SEGUIMENTO AUDIOLÓXICO-PROTÉSICO DE
CALIDADE PARA O PROGRAMA GALEGO DE DETECCIÓN DA XORDEIRA
EN PERÍODO NEONATAL.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos a partires da súa sinatura (13 de xuño de 2019)

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O asesoramento científico-técnico na adaptación protésica e seguimento audiolóxico dos/as nenos/as diagnosticados/as polo Programa de detección da hipoacusia en período neonatal na Comunidade Autónoma de Galicia, a través de dúas liñas de actuación:

a) Asegurar non só a detección precoz e o diagnóstico axeitado senón tamén a posibilidade de acceder de xeito inmediato a un tratamento da calidade necesaria para conseguir o propio obxectivo do programa, que é mellorar a capacidade de comunicación (linguaxe receptiva e expresiva) dos/as nenos/as





nacidos/as con hipoacusia moderada, severa ou profunda para equiparala aos normoíntes.

b) Manter un modelo de préstamo de audiófonos, a través do cal os nenos que precisan dun implante coclear ou cambian as súas circunstancias, retornen os seus dispositivos ao banco de audiófonos, readaptalos e utilízaos para o tratamento doutro/a neno/a que o precise, sempre que os audiófonos sexan adecuados para este/a novo/a neno/a. Isto permite un gran aforro para o programa e unha utilización máis eficiente dos recursos dispoñibles.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Que o Programa Galego de Detección da Xordeira en período neonatal ten como obxectivo mellorar a capacidade de comunicación (linguaxe receptiva e expresiva) dos/as nenos/as nacidos/as con hipoacusia moderada, severa ou profunda para equiparala aos normoíntes.

Para conseguir este obxectivo xeral é preciso, ademais de asegurar o acceso á proba de cribado ao 100% das persoas neonatas de Galicia e conseguir unha alta participación no programa, garantir tamén o acceso ao diagnóstico de confirmación da hipoacusia, garantir o inicio do tratamento antes dos seis meses de idade nos/as nenos/as nos/as que esta se confirma e, por suposto, garantir a calidade do tratamento de xeito que se consigan os efectos beneficiosos esperados coa detección precoz.





Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación, e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e que entre os seus fins esenciais atópase o de contribuír ao avance tecnolóxico para mellorar as condicións e calidade de vida do entorno social.

A Escola Universitaria de Óptica e Optometría goza de acreditada solvencia e experiencia consolidada na realización de traballos de adaptación protésica en nenos/as e, especialmente, naqueles complicados ou con patoloxías concomitantes que fan problemática a adaptación protésica no circuíto habitual, contando cos medios técnicos e persoais especializados para levar á cabo con éxito este proxecto.

Que o adecuado manexo destes/as nenos/as tan pequenos/as e moitas veces con patoloxías concomitantes non pode asegurarse nun establecemento comercial cuxo persoal técnico non posúe polo xeral a experiencia e o saber facer da Escola de Óptica e Optometría da Universidade de Santiago de Compostela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase





xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende,
con exclusión doutras figuras.

